



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: NOMEAMENTO DE 2 PEÓNS FORESTAIS PARA O PROGRAMA APROL RURAL

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de dous postos de peóns forestais do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG nº 26 do 06/02/2018).

Vista a resolución de alcaldía nº 349/2018 do día 22/06/2018 de aprobación de listaxe definitiva de admitidos e excluídos, onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba en fase de oposición o día 25 de xuño de 2018.

Vista a acta do tribunal de selección do día 25 de xuño de 2018 na que aparece a valoración da proba realizada polos aspirantes admitidos realizada ese mesmo día no campo do Briño, adoptada por unanimidade dos membros do tribunal.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** nomear como peóns forestais para o programa Aprol Rural aos seguintes aspirantes:

- Lema Vázquez Julio
- Vázquez García María Consuelo

**SEGUNDO:** outorgar un prazo de tres días hábiles a contar dende a resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme o establecido na cláusula oitava das bases de selección para a formalización do contrato.

**TERCEIRO:** publicar na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)